

# VIII Día do Peón

9 de Novembro de 2012



## DESCRIPCIÓN XERAL DA PROPOSTA

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b><i>VIII Día do Peón (9 de novembro de 2012)</i></b>
<b>ENTIDADES IMPLICADAS</b>	Promove: Brinquedia, rede galega do Xogo Tradicional Entidades obxectivo: Centros escolares das etapas obrigatorias de toda Galicia
<b>NATUREZA DO PROXECTO</b>	Evento cultural, lúdico e educativo.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Promover unha iniciativa dirixida á recuperación das prácticas lúdicas tradicionais, neste caso concreto o xogo do peón.</li> <li>✚ Introducir o xogo do peón no currículo escolar.</li> <li>✚ Fomentar a práctica diaria dos xogos tradicionais nos diferentes centros escolares galegos.</li> <li>✚ Provocar que os xogos tradicionais, e particularmente o xogo do peón, se convertan nun espazo de relación entre a comunidade educativa (alumnos, profesores, pais...)</li> <li>✚ Implicar a distintos organismos oficiais e da administración na promoción e difusión do patrimonio lúdico.</li> </ul>
<b>PROGRAMA DE ACTIVIDADES</b>	Os xogos tradicionais son actividades lúdicas que forman parte de patrimonio dos pobos e que enriquecen persoal e culturalmente ao ser humano; son xogos para todas as idades e de menos esforzo para os máis cativos. Nos tempos actuais aparecen determinados colectivos interesados na recuperación destas prácticas lúdicas e na reintegración dos mesmos á cadea de produción cultural. Brinquedia, rede galega de xogo tradicional, é un destes colectivos, e contempla entre outros obxectivos o de realizar actividades de divulgación. Por tal motivo tomou a iniciativa de propoñer a data do 11 de novembro ( San Martiño) de cada ano como un día fixo no que os peóns, trompos ou buxainas bailen en todos os centros escolares galegos. A proposta consiste en incorporar o xogo do peón aos actos que se desenvolven ese día, coa intención de que chegue a converterse nunha data fixa de celebración escolar anual.

	<p>Entre a batería de actividades propostas para realizar nos centros de ensino nos días (semán) previas e mesmo o Día do Peón están as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✚ <b>Procurar que cada alumno consiga un peón.</b></li> <li>✚ <b>Personalizar cada peón, tunealo, pintalo...</b></li> <li>✚ <b>Facer unha exposición con todos eles e con outros traídos de calquera lugar do mundo.</b></li> <li>✚ <b>Convocar concurso de cartaces para o evento.</b></li> <li>✚ <b>Celebrar exhibición con persoas que dominen o enredo do peón.</b></li> <li>✚ <b>Invitar a persoas maiores que participen no acto.</b></li> <li>✚ <b>Gravar os actos que se celebren e publicitalos.</b></li> <li>✚ <b>Divulgar todo o que se faga no concello correspondente.</b></li> <li>✚ <b>Utilizar espazos públicos para a realización das actividades.</b></li> <li>✚ <b>Intercambiar experiencias con outros centros e tamén con persoas invitadas.</b></li> </ul>
<b>LOCALIZACIÓN</b>	Acto central: Sen confirmar; resto de actividades: en cada centro de ensino de toda Galicia
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	Venres, 9 de Novembro de 2012. Acto central: de 11 a 13 horas; resto de centros, nos horarios e días que estimen oportunos (respeitando a hora central sinalada do día 9: as 12:00 horas)
<b>PARTICIPANTES</b>	Comunidade educativa dos centros de ensino non universitario; no Acto Central, centros de ensino do Concello organizador e arredores, así como outros colectivos comunitarios e do movemento asociativo.